



NOTA INFORMATIVA

Con data 25 de setembro de 2017 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o extracto e as Bases da Convocatoria do Programa de Fomento do Emprego Da Provincia de Lugo- **Ben Empregado IV**, polo que a partir do día seguinte o da publicación ábrese un prazo de quince días hábiles para a presentación de solicitudes. **Prazo: 26/09/2017-18/10/2017 (ambos incluídos)**

Lémbrese as entidades solicitantes que deben cubrir os anexos de solicitude (**Anexo I-X**). **SO PODERÁ PRESENTARSE UNHA SOLICITUDE POR ENTIDADE, PODENDO OPTAR SÓ A UNHA ÚNICA LIÑA E A UN POSTO.**

Recomendacións:

- Cubrir Anexo I:

Para cumprimentar o cadro de Gastos do proxecto, existen varias columnas:

- LIÑA POLA QUE SE OPTA Á AXUDA, só se poderá cubrir unha casa.
- CUSTE BRUTO ANUAL é o calculo do gasto total do traballador, para un ano de contrato, incluíndo os custes de seguridade social, salario e pagas extras.
- SUBVENCION SOLICITADA, nunca poderá exceder do gasto real do apartado anterior, dos topes por grupos de cotización e a porcentaxe de financiación de cada liña.
- COFINANCIACIÓN, refírese a aportación adicional propia. Tendo en conta o punto 5 dos Criterios de Valoración establecidos nas Bases.

Así por exemplo, unha entidade que solicite unha subvención para un traballador do grupo de cotización 10, con un custe bruto de 18.500€ e para un posto dentro da Liña A. Tería que cumprimentar o cadro da seguinte maneira:

GASTOS DO PROXECTO	NOTA; Ter en conta os límites da Base 6	LIÑA POLA QUE OPTA Á AXUDA	CUSTO BRUTO ANUAL	SUBVENCION SOLICITADA	COFINANCIACIÓN
		Sinalar a que proceda (só unha)			
		<input checked="" type="checkbox"/> 1.A	18.500€	8.100€	10%
		<input type="checkbox"/> 1.B	€	€	%
		<input type="checkbox"/> 2	€	€	%
SOLICITA ANTICIPO		<input type="checkbox"/> NO <input type="checkbox"/> SI % ANTICIPO QUE SOLICITA(Ata un máximo do 80%): <input type="text"/>			

Custe bruto : 18.500€

Subvención solicitada: 8.100€

Explicación : Para un grupo de cotización 10 o importe máximo que podería solicitar a entidade pola liña 1.A, sería de 9.000€ (50% do tope do grupo de cotización 18.000€), como adicionalmente cofinancia un 10%, (9.000€*10%=900, 9.000€-900€= 8100€) , a cofinanciación por parte da entidade sería de 900€ (10%) e a financiación por parte da Deputación Provincial de 8.100€.

En canto a casa do anticipo a entidade poderá elixir si solicita ou non anticipo e a porcentaxe ente 0-80%



- En canto a Liña B:

As entidades que prefiran optar pola liña 1B deberan optar na descrición do posto ou perfil por algún dos recollidos no **ANEXO: PERFÍS FAMILIAS PROFESIONAIS LIÑA 1.B** (publicado na web), tendo en conta que este programa posúe esta liña dirixida a persoas desempregadas da provincia de Lugo que pertenzan a colectivos de especial vulnerabilidade laboral tales como: etnia xitana, persoas que estiveron privadas de liberdade, persoas con enfermidade por alcol-drogas, persoas que sufriron ou sofren violencia de xénero, persoas con diversidade funcional, etc., en ningún caso poden escoller situación de vulnerabilidade .

En Lugo, a 25 de setembro do 2017.

A COORDINADORA DA UNIDADE DE EMPREGO

Julia Vázquez Silvarrey